

PONTEAREAS

A N U N C I O

A Corporación Municipal en sesión do 7 de agosto de 2014

A C O R D O U :

1º.—Desestimar as Alegacións presentadas pola Asociación Galega de Ambulantes e Autónomos, con data 12 de xullo de 2014 (registro nº 6490).

2º.—Aprobar definitivamente a Ordenanza reguladora da venda ambulante no termo municipal de Ponteareas, cuio texto integro é o seguinte, para os efectos da súa entrada en vigor.

**“PROPOSTA DE ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA VENDA AMBULANTE
NO TERMO MUNICIPAL DE PONTEAREAS**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A actividade comercial configúrase como un sector de importancia fundamental na economía municipal. Dentro da actividade comercial a venda ambulante é unha modalidade que conta con gran tradición dentro do Concello e que pola súa importancia require da súa regulamentación a nivel municipal.

A Lei 13/2010, de 17 de decembro, do comercio interior de Galicia, no relativo ao exercicio da venda ambulante ou non sedentaria, considerou necesario manter o réxime de autorización administrativa previa no eido da venda ambulante.

No tocante ao réxime de competencias, a regulación da venda ambulante venlle atribuída aos concellos xa na Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local (artigo 25.2 i), na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, no Regulamento de servizos das corporacións locais do 17 de xuño de 1955 e tamén na normativa sectorial tanto de ámbito autonómico como estatal (Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia, Lei 7/1996 de ordenación do comercio minorista).

Mención especial merece a venda directa exercida por parte de agricultores e agricultoras da produción propia sen transformación ou a súa primeira transformación, cuxo produto final estea incluído no anexo I do artigo 38 do Tratado de funcionamento da Unión Europea, que poden vender os seus produtos en mercados municipais ou en lugares que non sexan establecementos comerciais permanentes, tendo esta venda a consideración de actividade agraria, ao abeiro do establecido no artigo 2.1 da Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias.

*TÍTULO I.—DISPOSICIÓN XERAIS**ARTIGO 1.—OBJECTO E ÁMBITO*

A presente ordenanza ten por obxecto regular, con carácter xeral, o exercicio da venda ambulante no termo municipal de Ponteareas.

Quedan excluídos do ámbito de aplicación desta ordenanza a regulación dos postos autorizados na vía pública de carácter fixo e estable, nos que se desenvolvan actividades comerciais de xeito habitual e permanente en virtude dunha concesión administrativa, que se rexerán pola súa normativa propia.

ARTIGO 2.—CONCEPTO DE VENDA AMBULANTE

2.1.—Considérase venda ambulante ou non sedentaria a realizada por persoas comerciantes fóra dun establecemento comercial permanente, de xeito habitual, ocasional, periódico ou continuado, nos perímetros ou lugares debidamente autorizados, en instalacións comerciais desmontables ou transportables, incluíndo os camiós ou vehículos tenda, carriños e outras instalacións de carácter itinerante.

2.2.—Non terán a consideración de venda ambulante as vendas efectuadas dentro dos locais ou recintos ocupados por un certame feiral, que se rexerán pola súa regulación propia.

2.3.—A venda directa exercida por parte de agricultores e agricultoras da produción propia sen transformación ou a súa primeira transformación, cuxo produto final estea incluído no anexo I do artigo 38 do Tratado de funcionamento da Unión Europea terá a consideración de actividade agraria e rexeráse pola súa propia normativa.

ARTIGO 3.—MODALIDADES DE VENDA AMBULANTE.

3.1.—En todos os casos, a venda ambulante efectuarase a través dalgunha das seguintes modalidades:

- a) Venda ambulante en mercados periódicos: aquela autorizada nos mercados ubicados en poboacións, en lugares e espazos determinados, cunha periodicidade habitual establecida.
- b) Venda ambulante en mercados fixos: aquela autorizada en lugares anexos aos mercados municipais ou de abastos, con instalacións permanentes nas poboacións.
- c) Venda ambulante en postos desmontables instalados na vía pública: aquela autorizada para un número de postos, situacións e períodos determinados.
- d) Venda ambulante en mercados ocasionais: aquela autorizada en mercados esporádicos, que se celebren con motivo de feiras, festas ou acontecementos. Terán esta consideración as actividades de venda ambulante nas festas populares e romarías realizadas no termo municipal.
- e) Venda ambulante realizada en camiións ou vehículos tenda: aquela realizada nos citados medios e autorizada en zonas ou lugares determinados.

TÍTULO II EMPRAZAMENTO E PERIODICIDADE

ARTIGO 4.—EMPRAZAMENTO

1.—A venda ambulante só queda autorizada nos lugares e datas que se determinen por acordo da Xunta de Goberno Local, estando suxeita á preceptiva licenza municipal.

2.—A zona destinada á actividade de venda ambulante, será o espazo que o interese municipal determine en cada momento.

3.—O mercado ambulante municipal emprázase con carácter xeral no entorno da Praza Bugallal, Praza Maior e Praza de abastos, sen perxuízo do disposto no seguinte apartado.

4.—O Concello poderá modificar o emprazamento do mercado por causa de forza maior, de interese xeral ou municipal, mediante resolución de Alcaldía (se se trata dunha alteración de forma provisional) ou, no seu o caso, acordo da Xunta de Goberno. En todo caso o recinto deberá reunir as condicións de limpeza, hixiénicas e sanitarias axeitadas á actividade e de doado acceso para vendedores e compradores.

5.—O Concello, por causa de interese xeral e previo cumprimento dos requisitos establecidos na lexislación vixente, poderá modificar as prescricións deste Regulamento dispoñendo o traslado dos postos de venda a outro ou outros lugares, a redución do número de postos de venda, e incluso a súa total supresión, sen que elo dea lugar a indemnización ningunha.

A alteración dos lugares de venda ou do día da celebración do mercado, polas causas anteriormente citadas, adoptarase mediante acordo previo e motivado da Xunta de Goberno local.

ARTIGO 5.— PERIODICIDADE

Establécese como venda ambulante periódica a realizada nos mercados que se leven a cabo os días 14 de cada mes, e todos os sábados do ano, nos lugares expresamente autorizados.

Se por festividade ou outro motivo non puidesen ter lugar nas mencionadas datas, trasladaranse con carácter xeral ao día anterior.

Durante o mes de setembro a venda ambulante, por coincidir coas celebracións populares da Virxe dos Remedios e San Miguel, se por motivos de espazo non poden asignarse os mesmos postos establecidos ata a data, a Policía Local terá absoluta discrecionalidade para fixalos de forma provisional durante eses días.

Durante o mes de setembro autorizarase un mercado extraordinario anual, nunha data proposta polos vendedores/as ambulantes e aprobada pola Xunta de Goberno trala conformidade prestada pola Mesa Local de Comercio. O Concello poderá repercutir nos solicitantes do mercado extraordinario os gastos que lle ocasione a celebración daqueles, como limpeza e outros similares.

ARTIGO 6.—HORARIO

O horario establecido para a montaxe dos postos abranguerá dende as 7:30 ata as 9:30 horas, quedando prohibida a entrada de calquera vehículo no recinto do mercado a partires desta hora, salvo días de temporal ou outros motivos de forza maior.

O horario de recollida dos postos comezará a partir das 14:00 horas e finalizará ás 15:30 horas do mesmo día.

O espazo ocupado polo mercado ambulante deberá estar libre e limpo ás 15:30 h para que os servizos municipais de limpeza poidan realizar a súa tarefa.

Se poderá conceder a ampliación do horario de mercado ata ás 20,00 h o primeiro sábado de cada mes, así como nos restantes mercados previa solicitude da maioría de ambulantes. Dita autorización de ampliación de horario será potestativa e resolverase pola Alcaldía ou concelleiro delegado/a previo informe da Xefatura da Policía Local.

TÍTULO III. POSTOS E INSTALACIÓNS DO MERCADO

ARTIGO 7.—DOS POSTOS

1.—A venda autorizarase en postos de carácter desmontable ou instalacións que terán unhas condicións axeitadas ás características da licenza.

2.—O número e localización dos postos aprobarase mediante resolución de alcaldía que determinará, en función das circunstancias concorrentes en cada momento, o aumento ou supresión dos postos existentes ou a súa modificación.

3.—Os titulares dos postos ocuparán exclusivamente o espazo que teñen destinado, sen que poidan ocupar os postos que queden baleiros por outro vendedor pola razón de que ese espazo xa está pagado polo seu titular.

4.—A mercadoría atoparase sempre dentro da superficie do posto, quedando terminantemente prohibido o almacenamento da mesma en envases ou embalaxes fóra do posto. En todo caso, o vendedor

manterá as instalacións, postos e demais elementos de venda coas debidas condicións de seguridade, hixiene, conservación e limpeza.

Así mesmo, durante toda a xornada comercial virán obrigados a manter limpo e en debidas condicións de hixiene o espazo que lles foi asignado e o circundante, recollendo todos os desperdicios e embalaxes, debidamente atados e depositados en caixas e/ou contedores, para facilitar a ulterior tarefa do Servizo de Recollida de Lixo.

5.—En ningún caso se permitirá a colocación de postos nas beirarrúas, que estorben o paso a locais comerciais, industriais e profesionais, en accesos a edificios públicos ou privados, ni en lugares que dificulten a circulación peonil ou de vehículos.

6.—Queda expresamente prohibida a exposición de mercadorías no chan, excepto mobles, maquinaria agrícola, plantas ou calquera outro elemento que pola súa natureza poida ser autorizada a exposición no chan pola Alcaldía ou Concellería Delegada.

7.—Os/as comerciantes terán exposta a licenza na parte frontal superior do posto e perfectamente visible para os/as axentes municipais e para o público, polo que se presumirá que tal licenza non existe de non presentar a mesma no momento de ser esixida polos axentes municipais.

ARTIGO 8.—INSTALACIÓNS

1.—Todo mercado terá unha dotación de infraestrutura e equipamento que garanta o cumprimento das normas vixentes sobre sanidade, hixiene e respecto ao medio urbano e veciñal onde se instala e que, polo menos, cumprirá as seguintes esixencias:

a) O mercado deberá instalarse sobre superficie axeitada.

b) O Concello terá previsto un sistema de recollida de refugallos ocasionados pola actividade comercial.

TÍTULO IV PRODUTOS

ARTIGO 9 .—PRODUTOS AUTORIZADOS

1.—Só poderán exporse e venderse produtos autorizados, tales como artigos textiles, de pel, calzado, de artesanía, cestería, ornato de pequeno volume, material de Nadal, cosmética, perfumería, bixutería, libros, aparatos de radio, Cd, DVD, xoguetes, plantas, sementes, árbores, ferramentas e maquinaria agrícola e outros análogos.

2.—Poderá autorizarse a venda de produtos de alimentación cando cumplan coas normas sanitarias esixibles para este tipo de produtos.

3.—Os vendedores terán a obriga de mostrar a factura de compra dos produtos a requirimento das autoridades ou funcionarios municipais.

4.—Os agricultores poderán vender directamente os produtos do campo tales como verduras, legumes e froitas, sen xustificar a alta no Imposto de Actividades Económicas nin a afiliación á Seguridade Social, previa “declaración xurada por escrito” de que tales produtos son sobrantes de consumo familiar propio procedente de excedentes de produción, non permitíndose a venda de produtos fóra de temporada.

Non obstante ditos agricultores están suxeitos ao deber de obter autorización municipal, ao tratarse dun uso común especial do dominio público.

Ditos agricultores que vendan produtos sobrantes de consumo familiar propio procedente de excedentes de produción terán a obriga de exhibir no posto a autorización otorgada e, a petición do persoal do Concello ou autoridade que o poida solicitar, deberán facilitar o resgardo acreditativo do pago da taxa correspondente.

O número de metros máximos a utilizar por cada un destes agricultores será como máximo de dous metros lineais, agás o das plantas de plantar, que se autorizará segundo dispoñibilidade no contorno da praza de abastos, e cuxa ubicación é diferenciada dos agricultores de produtos de consumo.

Será necesaria a solicitude anual para a venda destes produtos de campo, así como o pago das taxas correspondentes dacordo coa ordenanza fiscal de aplicación.

Realizarase un censo anual destes produtores.

A administración municipal esixirá a alta no imposto de actividades económicas e afiliación a Seguridade Social, cando os produtos do campo non proveñan dunha explotación agrícola destinada ao consumo familiar, por considerarse o vendedor como un intermediario.

ARTIGO 10.—PRODUTOS DE VENDA EXPRESAMENTE PROHIBIDA

— Queda expresamente prohibida a venda ambulante no mercado de animais vivos, carnes, aves e cazas frescas, refrixeradas ou conxeladas, pescados e mariscos frescos, refrixerados e conxelados, leite certificada e leite pasteurizada, pastas alimenticias frescas e recheas, anchoas, afumados e outras semiconservas, así como aqueles outros produtos que supoñan risco sanitario polas súas especiais características a xuízo das autoridades competentes e dacordo coas regulamentacións técnico-sanitarias.

— Non poderá concederse autorización para a venda ambulante de produtos cuxa normativa reguladora así o prohíba e aqueles outros que, en razón da súa presentación ou doutros motivos, non cumpran a normativa técnico-sanitaria e de seguridade, podendo ademais as autoridades sanitarias prohibir a venda de determinados produtos cando motivos de saúde pública o aconsellen.

— Non obstante, excepcionalmente poderá permitirse a venda dos produtos anteriormente citados cando a xuízo das autoridades sanitarias competentes se dispoña das axeitadas instalacións frigoríficas e os produtos estean debidamente envasados e se reúnan as condicións de hixiene, sanidade, calidade e seguridade alimentaria estipuladas nas disposicións vixentes, fixando no seu caso os requisitos e as medidas de seguridade precisas.

— Dado o carácter singular da venda ambulante de produtos alimenticios, ademais das condicións xerais que o presente regulamento establece para todos os postos de venda, aqueles nos que se expendan produtos alimenticios deberán reunir as condicións hixiénico-sanitarias e doutra índole que se establezan nas regulamentacións específicas dos produtos comercializados e instalacións.

ARTIGO 11.—CONDICIÓNS DA VENDA DE PRODUTOS

1.—Os postos que expendan artigos de peso ou medida, deberán dispoñer de cantos instrumentos sexan necesarios para pesar ou medir os produtos, debendo estar correctamente etiquetados e marcados co prezo correspondente.

2.—Os artigos á venda deberán cumprir o establecido en materia de sanidade e hixiene especialmente cando se trate de produtos perecedoiros.

3.—Os artigos de uso alimentario deberán situarse a unha distancia do chan non inferior a 60 cms.

4.—Os alimentos cumprirán a normativa sanitaria esixida para cada un deles, sendo indispensable que se presenten, etiquetados, protexidos, con rexistro sanitario e refrixerados aqueles produtos cuxa normativa así o esixa. Todos os alimentos deberán estar protexidos da contaminación polo po, insectos e outras fontes de sucidade evitando a súa manipulación polo público, o contacto directo co solo e a incidencia directa do sol e a choiva. Os produtos a granel e sen envoltura deberán expoñerse para a venda protexidos mediante recipientes ou vitrinas que reúnan as condicións hixiénicas esixibles e, na súa manipulación, utilizaranse utensilios adecuados.

5.—A autoridade municipal poderá comisar os produtos que non cumprisen tales condicións e, baixo a consideración de falta moi grave, abrir o oportuno expediente sancionador ao responsable da venda.

Nos supostos en que sexa previsible o comiso dos produtos, poderase proceder á intervención preventiva dos mesmos.

*TITULO V REQUISITOS PARA O EXERCICIO DA ACTIVIDADE
DE VENDA AMBULANTE**ARTIGO 12.—DOS VENDEDORES AMBULANTES*

1.—A venda ambulante pode ser exercida por toda persoa física ou xurídica, sexa sociedade mercantil ou cooperativa, que reúna os requisitos establecidos na presente ordenanza e demais normativa aplicable.

2.—Os vendedores ambulantes deberán cumprir, no exercicio da súa actividade mercantil, coa normativa vixente no exercicio do comercio e da disciplina do mercado, deberán observar as normas de competencia legal e usos mercantís e responderán de que os produtos obxecto da venda cumpran as condicións e requisitos esixidos pola normativa que os regula, tanto en materia sanitaria como no referente á súa presentación, etiquetaxe e demais aspectos aos que nela se faga referencia.

ARTIGO 13.—EXERCICIO DA VENDA

1.—Para o exercicio da venda ambulante no Concello de Pontearreas será indispensable dispor de autorización municipal para a instalación e utilización dos postos, coa finalidade que se lles asigne e cos límites e contidos que se fixen na devandita autorización e nesta ordenanza.

2.—O exercicio da venda ambulante na vía pública sen a preceptiva autorización municipal dará lugar, despois das comprobacións que procedan, á retirada das instalacións, elementos e xéneros neles situados e presumirase que tal autorización non existe de non se presenta-la correspondente autorización no momento de ser esixida polos axentes municipais.

E elo sen perxuizo da tramitación do expediente sancionador que no seu caso proceda.

3.—A actividade deberá exercerse persoalmente polo seu titular se ben a autorización habilitará tamén a dous suplentes.

TÍTULO VI. RÉXIME DAS AUTORIZACIÓNS

ARTIGO 14.—AUTORIZACIÓN

1.—Para o exercicio da venda ambulante será requisito previo estar provisto da correspondente autorización municipal, que poderá ser revogada polo Concello por incumprimento dos requisitos esixidos na ordenanza reguladora e nas normativas aplicables ao respecto.

A autorización expedida polo Concello debe definir o prazo de validez, os datos identificativos do titular e o seu enderezo, a indicación do número de posto e licenza autorizado, situación na que pode exercerse a actividade, os horarios e as datas en que se pode levar a cabo a actividade e os artigos ou produtos autorizados.

2.—O Concello proverá a cada vendedor ambulante autorizado dunha tarxeta de identificación.

En caso de extravío, perda, etc. da tarxeta, será de obrigado cumprimento solicitar un duplicado con carácter previo á instalación do posto. Todas as persoas habilitadas deberán exhibir o seu DNI ou documento similar de identificación cando sexan requiridas para o efecto.

A tarxeta de identificación confeccionada polo Concello permitirá o almacenamento dos seguintes datos:

- 1) Nome e apelidos do vendedor titular e do autorizado.
- 2) D.N.I. ou Pasaporte.
- 3) Domicilio fiscal.
- 4) Fotografía tamaño carné.
- 5) Produto autorizado a venda.
- 6) Período de vixencia da licenza.
- 7) Lugares de venda.
- 8) Datas na que se pode exercer
- 9) Número de metros do posto.
- 10) Número de vendedor ambulante no rexistro da Xunta de Galicia.
- 11) Número do posto.
- 12) Espazo para o visado polo Alcalde ou concelleiro delegado.



3.—A autorización e a tarxeta de identificación deberá exhibirse obrigatoriamente e durante o tempo que dure o mercado nun lugar ben visible do posto, estando a disposición do persoal do Concello ou autoridade que a poida solicitar.

ARTIGO 15.—NÚMERO DE AUTORIZACIÓNS

Concederanse tantas autorizacións como postos haxa na superficie destinada ao exercicio de venda ambulante, e o número de autorizacións quedará supeditado ao número de metros dispoñibles en tales espazos.

ARTIGO 16.—REQUISITOS E PROCEDIMENTO PARA A CONCESIÓN DA AUTORIZACIÓN

1.—As autorizacións para o exercicio da venda ambulante serán outorgadas polo alcalde ou concelleiro ou órgano en quen delegue, ás persoas ou empresas que reúnan, como mínimo, os seguintes requisitos:

- a) Posuír a condición de comerciante segundo a lexislación mercantil.
- b) Estar dado de alta no Imposto de Actividades Económicas no epígrafe correspondente á venda ambulante e atoparse ao corrente no pagamento das cotas correspondentes ou, no caso de estar exentos, estar dado de alta no censo de obrigados tributarios.
- c) Estar dado de alta no réxime correspondente da Seguridade Social e ao corrente no pagamento das cotas correspondentes.
- d) Estar ao corrente no pagamento dos tributos de carácter municipal estipulados ou que se estipulen para o exercicio deste tipo de actividade nas ordenanzas fiscais; e satisfacer a taxa fixada na correspondente ordenanza fiscal relativa ao período correspondente.
- e) No caso de que o titular persoa física proceda de países non comunitarios, deberá estar en posesión dos correspondentes permisos de residencia e de traballo que fosen esixibles; ou procedendo de países comunitarios da tarxeta de residencia.
- f) No caso das cooperativas, poderán solicitar tantos postos como cooperativistas queiran exercer a actividade sempre que estes reúnan os requisitos do presente regulamento individualmente.
- g) Dispoñer dun seguro de responsabilidade civil que cubra os danos que se poidan ocasionar a persoas ou bens polos elementos do posto e os derivados da actividade desenvolvida no posto.
- h) As persoas xurídicas deberán acreditar os seguintes extremos: CIF, acta de constitución e estatutos debidamente inscritas nos correspondentes rexistros, e escritura de poder outorgada á persoa que asina a solicitude da autorización en representación da empresa.
- i) Cumprir cos requisitos das reglamentacións específicas de cada tipo de produtos.
- j) Estar en posesión, no seu caso, do certificado acreditativo de haber recibido formación en materia de manipulación de alimentos.

2.—As solicitudes de autorización municipal para o exercicio da venda ambulante presentaranse pola persoa interesada ou o seu representante legal no modelo normalizado aprobado polo Concello (compreensivo da solicitude que figura como Anexo I no presente regulamento e Anexo de declaración responsable adxunto), no que constarán os seguintes datos:

- a) No caso de que a autorización sexa solicitada por persoa física: Nome e apelidos, número do documento nacional de identidade e letra de identificación fiscal (N.I.F.) (ou pasaporte en vigor no seu caso), e enderezo para os efectos de notificación (cando non coincida co habitual). Os mesmos datos faranse constar cando a solicitude sexa formulada por representante autorizado.
- b) No caso de que a autorización sexa solicitada por persoa xurídica, ésta, ademais de acreditar os extremos sinalados no apartado 1 h) anterior, fará constar na solicitude a persoa física que vai exercer a actividade, sinalando os datos establecidos no apartado a).
- c) Nome e apelidos e NIF da/s persoa/s con relación laboral que vaian a colaborar no desenvolvemento da actividade.
- d) Modalidade de venda ambulante para a que solicita autorización.

- e) Emprazamento no que se pretende exercer a actividade.
- f) Mercadorías ou artigos que serán obxecto da venda.
- g) Metros lineais e dimensións do espazo a ocupar que se solicita, indicando tamén se a venda se realizará en posto desmontable ou dende vehículo ou furgón.
- h) Solicitude de colocación de vehículo detrás do posto, naqueles lugares nos que o espazo o permita.
- i) Declaración responsable firmada (incluída no modelo de solicitude) na que manifieste, como mínimo:
 - Que cumpre tódolos requisitos establecidos para o exercicio da venda ambulante na comunidade autónoma de Galicia.
 - Que está en posesión da documentación que acredita o sinalado no parágrafo anterior a partir do inicio da actividade, así como da esixible acreditativa do cumprimento dos requisitos establecidos na ordenanza municipal reguladora da venda ambulante.
 - Que se compromete a manter o seu cumprimento durante o prazo da vixencia da autorización.
 - Que non vai proceder a venda de artigos distintos dos solicitados e en todo caso, daqueles que teñan prohibida a súa venda ambulante, así como, de selo caso, que acatará toda a normativa que regula os principios e os requisitos xerais na lexislación alimentaria relativos á seguridade alimentaria e de manipulación de alimentos.

O contido da declaración responsable, comprenderá, ademais, os seguintes extremos:

- Estar dado de alta no epígrafe correspondente do imposto de actividades económicas e estar ao corrente no pagamento da tarifa ou, no caso de estar exentos, estar dado de alta no censo de obrigados tributarios.
- Estar ao corrente no pagamento das cotizacións á Seguridade Social.
- Os prestadores procedentes de terceiros países, o cumprimento das obrigas establecidas na lexislación vixente en materia de autorizacións de residencia e traballo.
- Reunir as condicións esixidas pola normativa reguladora do produto ou produtos obxecto da venda ambulante ou non sedentaria.

3.—Trala avaliación das solicitudes dos postos e con carácter previo ao otorgamento da autorización (adxudicación) a Alcaldía requirirá ás/aos interesadas/os que vaian resultar adxudicatarios para que, no prazo de quince días, presenten a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- a) Fotocopia do DNI/NIF no caso de persoas físicas.

No caso de que o solicitante sexa extranxeiro non comunitario deberá acompañar fotocopia do pasaporte e do permiso de residencia e de traballo en vigor.

No caso de que o solicitante sexa extranxeiro dun país comunitario deberá acompañar fotocopia da tarxeta de residencia en vigor.

- b) Para o suposto de que se trate de unha persoa xurídica: documentación acreditativa da constitución legal e inscrición no oportuno rexistro mercantil. (CIF, acta de constitución, estatutos e escritura de poder otorgada á persoa que firma a solicitude de autorización en representación da empresa.)
- c) Alta no epígrafe correspondente do Imposto de Actividades Económicas e certificado de atoparse ao corrente no pagamento da correspondente cota ou cotas ou, no caso de estar exentos, alta no censo de obrigados.

A circunstancia de estar dado de alta e ao corrente do pagamento do imposto de actividades económicas ou, no seu caso, no censo de obrigados tributarios, deberá ser acreditada, a opción do interesado, ben por el mesmo, ben mediante autorización á Administración municipal para que verifique o seu cumprimento.

- d) Documentación acreditativa da alta e de estar ao corrente no réxime correspondente da seguridade social.
- No caso de persoas xurídicas que exerzan a actividade mediante persoal con contrato laboral presentaranse os TC2 nos que deberán figurar as persoas que vaian exercer a actividade.
- e) Xustificante do pagamento das taxas e/ou tributos municipais relativos ao período correspondente.
- f) Copia da póliza e xustificante do pagamento do seguro de responsabilidade civil contratado para responder dos posibles danos derivados do exercicio da actividade.
- g) Se a autorización afecta á venda de produtos alimenticios deberase acompañar fotocopia do carné de manipulador de alimentos en vigor.
- h) Dúas fotografías do solicitante tamaño carné.
- i) No caso de cooperativas deberán comunicar a relación das/os cooperativistas que exercerán a actividade, con indicación do posto outorgado, que deberán reunir os requisitos legalmente establecidos para o exercicio da venda ambulante.

O Concello neste caso outorgará a licenza a persoa designada que dende ese momento será titular individual da autorización, sen prexuízo de que os usuarios ou o Concello poidan esixir responsabilidades de calquera tipo ao cooperativista titular a título individual ou á Cooperativa solicitante.

A presentación da tarxeta en vigor de vendedor ambulante expedida polo Rexistro Galego de comercio, eximirá da presentación da seguinte documentación (dacordo co art. 73 da Lei 13/2010, de 17 de decembro):

- DNI ou pasaporte, se o interesado é persoa física; CIF, acta de constitución, estatutos e escritura de poder outorgada en favor da persoa que asina a solicitude de autorización en representación da empresa, se é persoa xurídica.
- Xustificante de estar de alta na Seguridade Social.
- Xustificante de estar de alta no imposto de actividade económicas.

De non presentarse toda a documentación sinalada no prazo indicado, requirirase ao interesado/a para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, teráselle por desistido da súa petición, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Unha vez presentada a documentación a Alcaldía ou concelleiro ou órgano delegado ditará resolución adxudicando os postos a cada solicitante, da que se dará traslado aos servizos económicos para efectuar as liquidacións das taxas da ocupación da vía pública do período de tempo correspondente, así como a realización do correspondente padrón fiscal.

4. – Para a adxudicación dos postos teranse en conta os seguintes criterios:

- a) Adxudicarase un posto por persoa tanto física como xurídica. No caso das cooperativas poderase adxudicar un posto por cada cooperativista individual que dende o outorgamento será titular da autorización podendo neste caso o Concello esixir as responsabilidades a que houber lugar tanto á Cooperativa solicitante como ao cooperativista individual titular da autorización.
- b) As autorizacións se concederán en condicións non discriminatorias, debendo o procedemento garantir a transparencia, imparcialidade e publicidade adecuada do seu inicio, desenvolvemento e fin, e respetando o indicado no art. 4 do RD 199/2010, de febreiro, polo que se regula o exercicio da venda ambulante ou non sedentaria.
- c) Cando as solicitudes superen o número de postos, a adxudicación realizarase atendendo ás circunstancias que se relacionan a continuación:

- c.1) Diversificación dos produtos obxecto de venda (de tal xeito que se optará por solicitudes relativas a produtos cunha oferta diversa á existente fronte a solicitudes relativas a venda de produtos que a xuízo do concello estean suficientemente cubertos).
- c.2) Mellor racionalización dos espazos a ocupar.
- c.3) Orde de antigüidade das solicitudes de outorgamento a tal fin levarase conta da posible lista de agarda.
- d) Na resolución do procedemento fixaranse os requisitos da autorización, que haberán de ser necesarios, proporcionais e non discriminatorios.

5.—No suposto de que a persoa vendedora ambulante non opte voluntariamente pola inscrición na sección de comerciantes ambulantes do Rexistro Galego de Comercio, será o Concello que autorice o exercicio da venda ambulante quen comunique á Administración autonómica os datos para que ésta practique a correspondente inscrición. Dita comunicación se realizará no momento do otorgamento da autorización para o exercicio da actividade ou da comunicación da súa transmisión.

ARTIGO 17.—VIXENCIA E TRANSMISIBILIDADE DAS AUTORIZACIÓNS

1.—As autorizacións terán unha vixencia dun ano natural, prorrogable de forma expresa por períodos de igual duración.

O prazo para a presentación da documentación correspondente para a renovación será dende o 15 de novembro ata o 15 de decembro de cada ano.

As autorizacións poderán ser revogadas unilateralmente polo Concello en calquera momento por razóns de interese público, sen xerar dereito a indemnización ningunha, cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral.

2.—As autorizacións serán transferibles a outras persoas sempre que reúnan os requisitos establecidos no presente Regulamento e na normativa de aplicación para a súa concesión, e sempre e cando se respeten as condicións ás que se están sometidas. Para a transmisión bastará a realización de comunicación previa.

A transmisión dunha autorización non afectará ao seu periodo de vixencia, que se manterá polo tempo que reste ata a finalización do prazo de duración.

As transmisións estarán suxeitas ao pagamento da taxa fixada na correspondente ordenanza fiscal.

3.—Non se poderá realizar a transmisión de postos que teñan débedas por non pagar a taxa correspondente.

4.—No caso de transmisión de postos adxudicados a cooperativas, a comunicación da transmisión deberá ser presentada polo cooperativista ao que se lle outorgara o posto.

5.—Dado que os postos son indivisibles está prohibida a transmisión parcial de postos.

ARTIGO 18.—SUBSTITUCIÓNS

1.—O titular da autorización poderá ser substituído por outra persoa por algún dos motivos e polo tempo seguinte, previa xustificación documental e autorización municipal:

- a) Un mes en caso de matrimonio.
- b) En caso de nacemento dun fillo, enfermidade grave, falecemento de parentes ata segundo grao de consanguinidade ou afinidade e desprazamentos polos motivos anteriores. En todos os casos anteriores atenderase aos prazos e datas que fixe a lexislación social vixente en cada momento.
- c) Para realizar funcións sindicais ou de representación os prazos serán os que fixe a lexislación vixente.
- d) Maternidade ou paternidade (conciliación vida familiar e laboral).

- e) Exercicio de cargo público representativo.
 - f) Privación da liberdade mentres non exista sentenza condenatoria.
 - g) Viaxes relacionados directamente coa actividade obxecto de licenza.
 - h) O tempo indispensable para o cumprimento dun deber inescusable de carácter público ou persoal.
 - i) Para permitir o goce de vacacións polo titular por un período máximo de un mes ao ano natural.
 - j) Por un período de ata tres meses para permitir viaxes aos seus países de orixe dos inmigrantes estranxeiros, como medida de conciliación da vida laboral e familiar dos mesmos. Neste suposto deberán acreditar documentalmente a viaxe realizada.
2. – O/a substituto/a deberá reunir os seguintes requisitos:
- a) Cumprir con todos os requisitos que se esixen polo presente regulamento e pola normativa xeral para o exercicio da venda ambulante.
 - b) Non ser titular no mercado dun posto de venda ambulante.
 - c) A substitución será unicamente para o mesmo posto e para o exercicio da mesma actividade.

ARTIGO 19. – RENUNCIA VOLUNTARIA

Entenderase que a persoa titular renuncia voluntariamente á súa autorización de venda ambulante cando se dea polo menos un dos seguintes supostos:

- a) Non atender ao pagamento da taxa por ocupación de vía pública nos prazos establecidos legalmente.
- b) Non solicitar a prórroga anual da autorización nin achegar a documentación necesaria para a súa tramitación de acordo co establecido nesta ordenanza.
- c) A non ocupación do posto asignado durante un período de 8 días de mercado seguidos ou doce alternos (estes últimos nun período de seis meses) sen causa xustificada.

Neste caso o Concello, previa audiencia do interesado, disporá do posto e realizará unha nova adxudicación.

Aquelas persoas físicas ou xurídicas que perderan a súa autorización por falta de pagamento das correspondentes taxas non poderán ser obxecto dunha nova adxudicación no prazo de dous anos, non cabendo tampouco no mesmo tempo que adquiran a titularidade dun posto no mercado por transmisión nin por calquera outro título.

ARTIGO 20. – EXTINCIÓN DAS AUTORIZACIÓNS

As autorizacións extinguiranse pola expiración do seu prazo, polas causas de revogación sinaladas nesta ordenanza ou polos supostos de renuncia voluntaria indicados no artigo anterior.

Tamén cabe a súa extinción en aplicación do réxime sancionatorio pola comisión dunha infracción que leve aparellada tal consecuencia.

ARTIGO 21. – REXISTRO MUNICIPAL DE VENDEDORES AMBULANTES

O Concello de Pontearreas poderá levar, aos meros efectos estatísticos, un censo no que se numerarán correlativamente as autorizacións concedidas.

A inscrición neste censo non ten carácter habilitante para o exercicio da actividade comercial e os seus datos actualizaranse de oficio.

*TITULO VII. DEREITOS E DEBERES DOS COMERCIANTES AMBULANTES.**ARTIGO 22.—DEREITOS DOS/DAS VENDEDORES*

1.—Terán dereito a exercer a súa actividade no lugar debidamente autorizado e establecido na licenza municipal.

2.—A exercer pública e pacíficamente, no horario e coas condicións establecidas, a actividade de venda ambulante.

3.—No caso de supresión do posto por motivos de necesidade de espazo ou desprazamento do mercado, o titular terá dereito preferente no novo emprazamento durante o ano seguinte á supresión.

4.—Presentar cantas reclamacións e suxestións consideren oportunas na defensa dos seus dereitos e intereses.

5.—A ser substituídos na titularidade do posto previa autorización do Concello e cumprindo cos requisitos deste regulamento.

6.—Dereito a promover e constituír asociacións que os representen.

ARTIGO 23.—OBRIGAS DOS VENDEDORES

As persoas comerciantes ambulantes, ademais de cumprir cos requisitos establecidos nesta ordenanza, deberán cumprir coas seguintes obrigas:

- a) Exercer a actividade ou vender exclusivamente os produtos ou xéneros para os que foron autorizados.
- b) Efectuar o pagamento da taxa correspondente de acordo coa ordenanza vixente en cada momento. Unha vez confeccionado o padrón fiscal liquidarase de acordo ao establecido na súa ordenanza reguladora.
- c) Responder da legalidade, calidade e seguridade dos produtos que vendan, sendo responsable dos riscos para a saúde dos consumidores e usuarios. Así como observar as normas sanitarias que establezan as disposicións vixentes referentes ás pesas, medidas e as de disciplina de mercado ou comercialización, dispoñendo dunha báscula ou metro regulamentario naqueles postos que expidan artigos nos que sexa necesario o peso ou medida.
- d) Manter as instalacións, postos e demais elementos de venda nas debidas condicións de seguridade, hixiene, conservación e limpeza, debendo recoller ao remate da xornada comercial todos os desperdicios e embalaxes debidamente atados e depositalos nos contedores, para facilitar a ulterior tarefa de recollida de lixo, evitando en todo momento que se dispersen.
Igualmente deberán reparar os danos ocasionados na vía pública e instalacións como consecuencia do desenvolvemento da actividade para a que dispoñen de autorización.
- e) Ter exposto no posto en forma fácilmente visible e lexible para o público e para as autoridades que realicen actuacións inspectoras, os seus datos persoais e o documento no que conste a correspondente autorización municipal, así como unha dirección para a recepción das posibles reclamacións. Colocar nun lugar visible do posto a tarxeta identificativa.
- f) Exhibir, cando lle sexa solicitado polo persoal do Concello encargado da feira, pola Policía Local ou autoridades, a autorización municipal de venda ambulante, a tarxeta de identificación confeccionada polo Concello, o documento acreditativo do pagamento das taxas vixentes e o documento nacional de identidade, permiso de residencia ou pasaporte, dependendo da situación persoal.
- f) Ocupar o posto asignado polo Concello, sen exceder do espazo concedido, sen poder situarse nos accesos a locais comerciais ou impedindo a vista dos seus escaparates e exposicións.
- g) Manter aberto ao público o posto, debidamente atendido e abastecido.
- h) Acatar as instrucións que imparta o Concello para o bo funcionamento do mercado e atender aos requerimentos do persoal municipal, policía municipal ou autoridades competentes.

- i) Responder da legalidade, calidade e seguridade dos produtos que se vendan, sendo responsable dos riscos para a saúde dos consumidores e usuarios nos termos da normativa de aplicación.
- j) Queda prohibida a utilización de megafonía para anunciar a venda de produtos.
- k) Aqueles establecementos obrigados a elo deberán estar provistos das correspondentes follas de reclamacións e deberán expedir tickets ou facturas das vendas feitas.
- l) Observar o disposto na normativa vixente no desenvolvemento da súa actividade e cumprir con tódalas disposicións que emanen deste regulamento.

O incumprimento destas obrigas dará lugar, no seu caso, á incoación do correspondente expediente sancionador, sen prexuízo de que se proceda ao desmontado do posto ou á retirada temporal das mercadorías e ao seu depósito a custa do infractor.

TÍTULO VIII. INSPECCIÓN E RÉXIME SANCIONADOR

ARTIGO 24.— ACTUACIÓN MUNICIPAL E INSPECCIÓN

1.—O Concello exercerá a intervención administrativa, as funcións de autoridade, policía e inspección na venda ambulante no termo municipal de Pontearreas, sen prexuízo do labor inspector e competencias doutras administracións competentes nas materias relacionadas co mercado.

2.—Os servizos municipais correspondentes velarán polo mantemento da orde pública e o cumprimento polos usuarios das normas de aplicación e das que se diten no sucesivo na materia, sendo competencia municipal a inspección e sanción en materia de venda ambulante, sen prexuízo das competencias atribuídas a outras administracións en aplicación da normativa vixente.

Os funcionarios dos servizos municipais que desenvolvan as funcións de inspección, ostentarán a condición de axentes da autoridade, previa acreditación da súa identidade. Os/as vendedores/as estarán obrigados/as a facilitar a inspección das instalacións, subministrar toda clase de información, tanto verbal como documental sobre as mesmas, así como no relativo a produtos e servizos e, en xeral, a colaborar en cantas actuacións sexán precisas.

ARTIGO 25.—RETIRADA, INTERVENCIÓN DE INSTALACIÓNS, ELEMENTOS E XÉNEROS

No caso de retirada, intervención de instalacións, elementos e xéneros, procederase ao depósito destes no lugar que se determine.

Os interesados poderán recupera-los elementos retirados, que non deban ser destruídos, previo abono dos correspondentes gastos de depósito e e demais gastos orixinados pola retirada, dacordo co previsto na correspondente ordenanza fiscal.

Os produtos intervidos deberán destruírse en caso de que a súa utilización ou consumo constitúa un perigo para a saúde pública, ou cando incumpran os requisitos mínimos establecidos para a súa comercialización.

Transcorridas 48 horas dende a súa intervención sen comparecer o titular para facerse cargo dos elementos depositados entenderase que desiste no seu interese e titularidade, podéndose proceder a súa destrución ou darlle outro destino que se considere axeitado, sen posibilidade de reclamación ou indemnización ningunha.

ARTIGO 26.—INFRACCIÓN E SANCIÓN:

1.—O incumprimento das normas establecidas na presente ordenanza, así como as determinadas na normativa de aplicación, dará lugar á incoación do correspondente procedemento sancionador, que poderá iniciarse de oficio ou por denuncia. As faltas clasificaranse como leves, graves ou moi graves.

2.—*FALTAS LEVES:*

- a) Producir ruídos, berros ou música infrinxindo a normativa vixente.
- b) A falta de ornato ou limpeza das instalacións e na zona do posto.
- c) Aumentar a superficie do posto sen autorización municipal.
- d) Non deixar limpo e recollido á hora sinalada o lugar no que estivo instalado ou permitir que o lixo procedente da súa actividade durante o tempo que permanece instalado se disperse (polo vento ou outros motivos) fóra do seu espazo.
- e) Colocación de mercadorías fóra do espazo asignado.
- f) Non ter colocada a autorización municipal no frontal do posto e perfectamente visible durante toda a xornada.
- g) O incumprimento de calquera obriga contida no presente regulamento que non estea calificado como infracción grave ou moi grave.

3.—*FALTAS GRAVES:*

- a) A venda de produtos distintos aos autorizados na licenza.
- b) A venda de produtos en condicións deficientes ou deteriorados.
- c) O incumprimento das disposicións sanitarias aplicables ás instalacións ou produtos que se vendan.
- d) A falta de aseo, limpeza e hixiene en vendedores, postos e ferramentas.
- e) Non acreditar mediante factura a procedencia das mercadorías de ser requiridos para elo.
- f) A instalación do posto en lugar non autorizado.
- g) A negativa ou resistencia a subministrar datos ou facilitar a información requirida polas autoridades competentes ou polos seus axentes para o cumprimento das funcións de información, tramitación e execución que lle corresponden, así como o subministro de información inexacta ou documentación falsa.
- h) A desobediencia ás normas de orde ou indicacións da Policía Local ou de autoridades e persoal municipal.
- i) A falta da envoltura regulamentaria dos artigos alimenticios á venda.
- j) O exercicio da actividade por persoa diferente da autorizada ou do seu suplente.
- k) A reiteración por tres veces de faltas leves no período de un ano.

4.—*FALTAS MOI GRAVES:*

- a) A reiteración por tres veces de faltas graves no período de un ano.
- b) Non estar dado de alta no Imposto de actividades económicas estando obrigado a elo ou non estar ao día no pagamento das obrigas tributarias respecto da actividade que se exerza.
- c) Non estar dado de alta no réxime correspondente da Seguridade Social.
- d) A venda de produtos en mal estado que poidan causar dano á saúde.

5.—Aquelas infraccións da presente ordenanza que constitúan infraccións tipificadas en normas de rango superior serán sancionadas de acordo cos devanditos textos legais e normas que os desenvolvan.

6.—Sen prexuízo da correspondente sanción será causa suficiente para a revogación da licenza, a comisión, entre outras, das seguintes faltas:

- Venta de produtos non autorizados.
- Discusións ou altercados con perturbación da orde pública.
- Transmisibilidade da licenza contravindo o réxime previsto na presente Ordenanza.
- Os supostos previstos na presente ordenanza como de renuncia voluntaria.

ARTIGO 27.—SANCIONES

1.—As sancións que se aplicarán polas infraccións sinaladas no presente regulamento, serán, sen prexuízo do disposto no apartado 5º do artigo anterior:

- a) Apercibimento á persoa infractora
- b) Multa
- c) Incautación e perda da mercancía
- d) Revogación da autorización

2.—As sancións que se aplicarán serán as que seguen:

1.—Por faltas leves, apercibimento ou multa de 50 a 100 euros.

2.—Por faltas graves, multa de 101 a 200 euros.

3.—Por faltas moi graves:

— Multa de 201 a 400 euros

— e/ou revogación da licenza sen indemnización, mesmo coa posibilidade de chegar a comisar a mercadoría nos casos de venda de produtos non autorizados e nos casos legalmente establecidos.

3.—Cando a autorización sexa revogada a consecuencia de infaccións moi graves, o seu titular non poderá obter autorización ningunha durante o prazo de dous anos para o exercizo da actividade no municipio de Pontearreas.

4.—Correspóndelle ao Alcalde a imposición das multas e demais sancións, sen prexuízo das delegacións efectuadas.

5.—As sancións graduaranse en función dos seguintes criterios: reincidencia, transcendencia social da infracción, volumen de facturación ao que afecte, contía do beneficio obtido, grado de intencionalidade e natureza dos perxuízos causados.

6.—A Alcaldía poderá acordar, como sanción accesoria, o decomiso das mercancías adulteradas, deteriorada, falsificadas, fraudulentas, non identificadas, que entrañar risco para el consumidor, ou que incumpran os requisitos mínimos establecidos para a súa comercialización; así como nos casos de venda de produtos non autorizados e nos casos legalmente establecidos

Os gastos de transporte, distribución, destrución, etc., da mercancía sinalada no paragrafo anterior, serán por conta del infractor.

7.—As autorizacións poderanse suspender, previa audiencia ao interesado, no suposto de non pago dunha sanción firme polo tempo que medie ata o cobro efectivo da mesma, sen prexuízo da tramitación do cobro daquela en vía executiva.

8.—O exercicio de calquera actividade ou comercio vía pública sen autorización municipal dará lugar á retirada das instalacións, elementos e xéneros neles situados e presumirase que tal autorización non existe de non se presenta-la correspondente autorización no momento de ser esixida polos axentes municipais.

ARTIGO 28.—MEDIDAS PREVENTIVAS

A iniciación de actuacións que poidan dar lugar á incoación de calquera procedemento sancionador por falta grave ou moi grave poderá levar aparellado, como medida preventiva, a retención das mercadorías polos vixiantes encargados da venda ambulante, axentes da Policía local ou autoridade competente, cando se realizase a venda ambulante sen autorización, existisen sinais evidentes de fraude na súa venda ou se poña en perigo a saúde ou integridade física dos consumidores ou compradores, de xeito independente ao inicio do expediente sancionador.

*ARTIGO 29.—PROCEDIMENTO*

Para a determinación das infraccións e a imposición das sancións previstas nesta ordenanza, será de aplicación o procedemento administrativo sancionador regulado polo Real Decreto 1398/93, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, a lei 30/92, de 26 de novembro, reguladora do réxime xurídico das administracións públicas de procedemento administrativo común e demais normas concordantes.

O procedemento sancionador iniciarase como consecuencia denuncia ou ben de oficio, correspondendo á Alcaldía a incoación do expediente sancionador e a imposición das sancións previstas no presente Regulamento.

As infraccións previstas neste regulamento prescribirán, si son leves aos seis meses, si son graves ao ano e as moi graves os dous anos. O prazo de prescripción das infraccións computarase dende o día da súa comisión. Esta prescripción interromperase dende que o procedemento se dirixa contra o infractor, volvendo a correr de novo o tempo da prescripción dende que aquel termine sen ser sancionado ou se paralice o procedemento por causa non imputable ó infractor.

En todo caso, o Órgano instructor do expediente, cando sexan detectadas infraccións de índole sanitaria, deberá dar conta inmediata das mesmas ás autoridades sanitarias que correspondan.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

Para o non disposto nesta ordenanza, estarase ao establecido nas normas de carácter autonómico, estatal ou comunitario que resulten de aplicación.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMERA

As autorizacións en vigor no momento da entrada en vigor da presente Ordenanza manterán a súa validez ata o final do período outorgado, sen prexuízo de que chegado o momento da súa prorroga se realice de acordo co réxime establecido nesta ordenanza.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA

A venda ambulante, diaria, exercida na Praza de Bugallal dende tempo indeterminado, polas persoas incluídas no Padrón de postos de dita Praza, vixente o día da data, queda suxeita a esta Ordenanza con carácter xeral, ata extinguirse os seus dereitos coa xubilación ou falecemento dos seus concesionarios, sen que poidan transmitir ditos dereitos a terceiros.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Queda derogada a Ordenanza de regulación da venda ambulante do Concello de Pontearreas, aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación en sesión de 9/12/2008 e publicada no BOP nº 249 de 26/12/2008, así como os actos ou disposicións de igual ou inferior rango que entren en contradición coa presente Ordenanza.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez publicado integramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

ANEXO I
SOLICITUDE DE AUTORIZACION PARA VENDA AMBULANTE
OU NON SEDENTARIA

SOLICITANTE

Nome e apelidos (persoas físicas) ou denominación social (persoas xurídicas): Enderezo (rúa, nº, c.p., poboación e provincia): Enderezo para os efectos de notificación (cando non coincida co habitual): Nº Teléfono/fax/correo electrónico: CIF / NIF / Tarxeta de residencia o permiso de traballo:
Obxecto social ou actividade:
Epígrafe/s do IAE nos que se atopa dado de alta e ámbito:

REPRESENTANTE

Nome e apelidos Enderezo (rúa, nº, c.p., poboación e provincia):	
Nº Teléfono/fax/correo electrónico:	
Poder: Escritura nº	Notario D/Dª
Localidade	Data

A persoa/s física/s que vai ou van a exercer a actividade en nome do/a titular da autorización ou que van colaborar no desenvolvemento da actividade serán: Nome e apelidos:.....DNI nº..... Nome e apelidos:.....DNI nº..... (*)No seu caso terás que presentar a documentación xustificativa da relación contractual ou a condición de traballador asociado ou cooperativista.

EXPÓN E SOLICITA

Que considerando que cumpre cos requisitos esixidos na normativa reguladora da venda ambulante ou non sedentaria así como na ordenanza municipal reguladora da mesma, solicita a preceptiva autorización municipal para venda ambulante ou non sedentaria nos seguintes termos:

Modalidade de venda ambulante interesada (marque cunha "X" a modalidade correspondente)

<input type="checkbox"/> Venda ambulante en mercados periódicos <input type="checkbox"/> Venda ambulante en mercados fixos <input type="checkbox"/> Venda ambulante en postos desmontables instalados na vía pública <input type="checkbox"/> Venda ambulante en mercados ocasionais <input type="checkbox"/> Venda ambulante mediante camións ou vehículos tenda

Datos da venda ambulante interesada

GRUPO IAE	NOME COMERCIAL DA ACTIVIDADE (opcional)
-----------	---

PRODUCTOS COMERCIALIZADOS

- Alimentación, bebidas...
- Confección, calzado, artigos de coiro
- Complementos de beleza, perfumería, droguería...
- Artigos de equipamento do fogar e ferretería...
- Xoguetes
- Prantas
- Outros (indicar cales)

MEDIO DE EXPOSICIÓN E VENDA DA MERCADORÍA

- Posto desmontable
- Vehículo especialmente acondicionado
- Outros (especificar)

MODELO E CARACTERÍSTICAS DO MEDIO UTILIZADO (se procede)

Modelo

Dimensións

Matrícula

Outras características

METROS LINEAIS E DIMENSIÓN**DO ESPAZO A OCUPAR QUE SE SOLICITA:****SOLICITA A COLOCACIÓN DE****VEHÍCULO DETRÁS DO POSTO (naqueles lugares en que o espazo o permita):****PERÍODO DE VENDA AMBULANTE**

- Todo o ano
- Tempada (indicar datas)
- Ocasional con motivo de feira, festas, etc (indicar datas)

LUGAR DE VENDA AMBULANTE

A tal efecto acompaña a declaración responsable establecida no artigo correspondente da Ordenanza municipal reguladora da venda ambulante ou non sedentaria.

En Ponteareas, a _____ de _____ de _____

SINATURA

De acordo co establecido na Lei Orgánica 15/1999, informámoslle de que os seus datos persoais pasarán a formar parte dun ficheiro, cuxo responsable é o Concello de Ponteareas con domicilio en Xardíns da Xiralda, s/n 36860 Ponteareas (Pontevedra). A finalidade deste ficheiro é levar a cabo a correcta xestión dos servizos que presta o Concello. Se o desexa poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixíndose por escrito ao enderezo sinalado, achegando unha fotocopia do seu DNI.

**ANEXO Á SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA VENDA AMBULANTE
OU NON SEDENTARIA**

Nome e apelidos
Enderezo (rúa, nº, c.p., poboación e provincia)
NIF/Tarxeta residencia ou permiso de traballo
En nome propio ou en representación de

DECLARO RESPONSABLEMENTE

- 1.- *Que cumpro tódolos requisitos establecidos pola normativa vixente para o exercicio da venda ambulante na Comunidade Autónoma de Galicia.*
- 2.- *Que estou en posesión da documentación que acredita o sinalado no parágrafo anterior a partir do comezo da actividade, así como da esixible acreditativa do cumprimento dos requisitos establecidos na ordenanza municipal reguladora da venda ambulante.*
- 3.- *Que me comprometo a manter o seu cumprimento no prazo de vixencia da autorización*
- 4.- *Que non vou a proceder a venda de artigos diferentes dos solicitados e en todo caso daqueles que teñan prohibida a súa venda ambulante así como, de ser o caso, que cumprirei con toda a normativa que regula os principios e os requisitos xerais na lexislación alimentaria relativos á seguridade alimentaria e de manipulación de alimentos.*
- 5.- *Que estou dado de alta no epígrafe correspondente no imposto de actividades económicas e ao corrente, de ser o caso, no pago do devandito tributo ou, no caso de estar exentos, estar dado de alta no censo de obrigados tributarios.*
- 6.- *Que estou ao corrente no pagamento das cotizacións á Seguridade Social*
- 7.- *Que se reunen as condicións esixidas pola normativa reguladora do produto ou produtos obxecto da venda ambulante ou non sedentaria.*

RECURSOS.—Contra a presente disposición xeral os interesados poderán interpor recurso contencioso-administrativo no prazo de dos meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xusticia de Galicia.

Ponteareas, 18 de agosto de 2014.—O Alcalde, Salvador González Solla.

2014007239

* * *

REDONDELA**A N U N C I O**

En cumprimento do disposto no artigo 154 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, faise pública a formalización do contrato da obra de Ampliación abastecemento e saneamento en Penisal, Igrexa e Formiga, Chapela, Redondela, do que a seguir se reflicten os seus particulares:

1) ENTIDADE ADXUDICADORA:

- a) Organismo: Concello de Redondela (Pontevedra).
- b) Dependencia: Departamento de Contratación.

2) OBXECTO DO CONTRATO:

- a) Descrición: Execución das obras comprendidas no proxecto de Ampliación abastecemento e saneamento en Penisal, Igrexa e Formiga, Chapela, Redondela.
- b) Lotes: Non